



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

**CEIP JUAN REY DE LOURENZÁ
CURSO 2018/19**

1.- A ACCIÓN TITORIAL:

A LOE impulsa á acción titorial e a orientación educativa, recoñecendo o dereito e a necesidade da orientación do grupo de alumnos e de cada alumno/a individualmente.

O Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 17 establece que “A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e da coordinación co departamento de orientación. O profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas de acordo co que estableza a consellería competente en materia de educación, e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa”.

A acción titorial pódese definir como un **conxunto de accións educativas** que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Neste senso a acción titorial constitúe un elemento fundamental para levar a cabo unhas intencións educativas que se propoñen a formación integral da persoa e que pretenden dar resposta á diversidade de alumnos e alumnas do centro.

A orientación é un amplo proceso que abarca o coñecemento do alumno/a, a axuda para superar as dificultades persoais, escolares e familiares e a busca de respostas que favorezan a toma de decisións do alumno/a e o seu desenvolvemento como persoa individual.

O Plan de Acción Titorial (PAT), concreta os axentes responsables da acción titorial, determina os momentos nos que se aplica, en relación coas finalidades prioritarias de cada período, especifica as actividades que se han de desenvolver, xunto cos materiais necesarios, e determina os recursos persoais e materiais que precisa para a súa aplicación no centro. O presente documento concreta os acordos deste centro sobre a acción titorial e responde ó obxectivo de axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado cara a consecución do seu desenvolvemento integral.

No actual marco educativo a titoría constitúe o primeiro nivel de orientación educativa. Aínda que todo profesor na tarefa docente ten implícita a súa labor titorial, esta queda representada no titor do grupo, que é quen ten a responsabilidade sobre un determinado grupo de alumnos. É pois o titor/a o encargado de desenvolver as accións de orientación en relación co grupo que titoriza, dentro dos principios establecidos polo centro para a acción titorial, contando co asesoramento e, cando sexa preciso, a intervención directa das persoas especializadas como os membros do Departamento de Orientación do Centro ou o servizo externo do Equipo de Orientación Específico.

2.- FUNCIONES E OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL

A tutoría é a actividade inherente á función do educador, realizada individual e colectivamente co alumnado dun grupo-clase, para facilitar a integración persoal dos procesos de aprendizaxe, constituíndo a acción titorial un dos servizos e actividades do sistema educativo que ten por obxecto optimizar o rendemento da ensinanza. As funcións que atribuímos á tutoría poden agruparse en catro ámbitos diferentes: o desenvolvemento psicosocial, a optimización das aprendizaxes, a coordinación da acción docente e a orientación familiar. Cada un destes ámbitos terá os seus obxectivos que xirarán en torno ós propostos a continuación:

AREAS	OBXECTIVOS / FUNCIONES
DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL	<ul style="list-style-type: none">• Facilitar a integración de cada alumno/a no centro.• Facilitar a inclusión de cada alumno/a no grupo-clase.• Promover os procesos de desenvolvemento e madurez persoal en toda a gama de capacidades e potencialidades.• Fomentar o desenvolvemento de actitudes de compromiso e participación.
OPTIMIZACIÓN DA APRENDIZAXE	<ul style="list-style-type: none">• Coordinar a avaliación inicial do seu grupo-clase e o seguimento individual.• Coordinar a detección de necesidades de aprendizaxe co obxecto de artellar as respostas educativas adecuadas e conseguir os apoios necesarios.• Promover estratexias que procuren a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado adaptándose aos seus ritmos de traballo.• Coordinar o proceso avaliador e asesorar sobre a promoción dun nivel a outro.
COORDINACIÓN DOCENTE	<ul style="list-style-type: none">• Coordinar o axuste das programacións ás necesidades propias do grupo deseñando actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.• Coordinar a elaboración de A.C. para o alumnado con n.e.e., así como as actividades de apoio.• Coordinar o proceso de avaliación do alumnado.• Participar na elaboración das liñas comúns de acción titorial do Centro.

ORIENTACIÓN FAMILIAR	<ul style="list-style-type: none"> • Contribuír ó establecemento de relacións fluídas entre as familias e o Centro. • Informar e orientar as familias sobre os procesos educativos dos seus fillos/as. • Implicar os pais e nais nas tarefas de orientación e aprendizaxe dos seus fillos/as.
-----------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

3.- AXENTES QUE DESENVOLVEN A ACCIÓN TITORIAL:

3.1.-O/A titor/a:

Cada mestretitor, ademais das súastarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación.
- b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información sobre horarios, calendario escolar...
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.
- h) Orientar os alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo,
- i) Informar o equipo de profesores do grupo de alumnos, das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- k) Organizar e presidir as sesións de avaliación.
- l) Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun nivel (ou etapa) a outro, logo da intervención de cada un dos membros do Equipo Docentee previa audiencia aos pais.
- m) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- n) Colaborar co Departamento de Orientación do Centro nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- o) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos do centro.
- p) Orientar as demandas e inquiredanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- q) Informar os alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con

especial atención os aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

- r) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- s) Controlara falla de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados os pais ou titores e o xefe de estudos.
- t) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- u) Exercer dacordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- v) Cubrir documentos oficiais relativo o seu grupo de alumnos.
- w) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

3.1.- O Equipo Docente: está formado polo grupo de mestres que imparten docencia a un mesmo grupo de alumnos. Este equipo responsabilizarase de:

- Realizar a avaliación, seguimento e orientación do alumnado nos aspectos relacionados cos obxectivos xerais da acción tutorial.
- Coordinar os contidos comúns, as metodoloxías as estratexias de aula e a avaliación para o seu grupo de alumnos.
- Realizar unha avaliación inicial de tódolos ámbitos do proceso de aprendizaxe, dando prioridade a algunhas capacidades e actitudes básicas: comprensión oral e escrita, razoamento, motivación, estilo de aprendizaxe, participación, integración, etc.
- Compartir aspectos relevantes de tipo persoal que non poden observarse na aula, xa que son datos obtidos a través de cuestionarios, entrevistas, etc., realizadas co alumnado, as súas familias, ou os servicios sociais.
- Utilizar o seguimento compartido do alumnado, para atopar e consensuar propostas de actuación, xa sexa introducindo cambios na programación de aula, estratexias de compensación, etc.
- Establecer criterios de actuación para o alumnado con N.E.E.
- Participar no desenvolvemento do PAT.

3.2.-O Departamento de Orientación e a Xefatura do D.O.: estará formado polos coordinadores/as de ciclo de E. Infantil, os mestres especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica e a xefa do departamento.

O departamento de orientación deberá desenvolver as seguintes tarefas:

- Elaborar coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación e do Plan de Acción Tutorial do Centro, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado,

ofrecéndolle o profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa relativos ao seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias, implicándoas no proceso educativos dos seus fillos.
- Establecer os canles de comunicación dos diferentes servicios ou institucións no eido das súas competencias.

4.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

A) Designación de titores.- Neste centro, os titores son designados atendendo a criterios de continuidade na docencia do alumnado durante dous cursos na E. Primaria e no ciclo de E. Infantil e a dereitos adquiridos polo profesorado.

B) Modelo de organización e funcionamento.-

- Correspóndelle ó/á Xefe/a de Estudos coordinar e dirixir a acción dos titores/as coa colaboración do Departamento de Orientación.
- A tutoría e orientación do alumnado formará parte da función docente.
- A Xefatura de estudos terá as reunións que considere oportunas para o bo funcionamento da acción tutorial.
- Os titores deberán programar de acordo coas liñas xerais marcadas neste PAT, as actividades específicas tutoriais que desenvolverán ó longo do curso. Poderán solicitar a colaboración da orientadora.
- Os titores poderán convocar as reunións que consideren necesarias, cos equipos de profesores do seu curso, para o bo funcionamento da acción tutorial.
- O Departamento de Orientación contribuirá ó desenvolvemento do PAT, baixo a dirección da Xefatura de Estudos, asesorando ós titores/as nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo, na medida das súas posibilidades, cando os titores/as o soliciten.

5. PROGRAMACIÓN TITORIAL.

Esta programación tutorial marco estruturase en torno as actuacións do titor co profesorado, co alumnado e coas familias, que responden ós obxectivos xerais da acción tutorial.

O desenvolvemento axeitado das funcións da acción tutorial constitúe un medio eficaz para coñecer a cada alumno/a, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, prever e seguir as adaptacións curriculares, e facilitar a súa integración no grupo-clase e no centro; identificándose así a acción tutorial coma unha medida de atención á diversidade do alumnado. Isto implica que o titor debe obter e proporcionar información a través de contactos regulares coas familias e co resto do profesorado do alumno/a para trazar estratexias de actuación conxuntas que axuden ó proceso madurativo deste.

Pola diversidade de factores que inflúen nos procesos educativos, a esta coordinación hai que engadirle ás veces, a colaboración doutros profesionais ou institucións coma o D.O., o E.O.E., os servizos sociais, sanitarios, etc. Así a acción tutorial desenvólvese en diferentes ámbitos que podemos agrupar en tres apartados:

- En relación co profesorado (equipo docente, D.O.).
- En relación co alumnado.
- En relación coas familias.

A partir destes obxectivos xerais, cada titor deberá desenvolver a súa programación da acción tutorial para o seu grupo de alumnos.

EN RELACIÓN CO CENTRO

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	TEMPOR.	AXENTES
Dispoñer dunha táboa de informacións imprescindibles, tanto a nivel de normativa xeral como de decisións propias do Centro.	O Equipo Directivo elaborará e poñerá a disposición do profesorado a normativa, tanto a nivel de Consellería como do propio Centro, velando porque se coñezan e se cumplan os acordos acadados.	setembro	Equipo Direct.
Revisar periódicamente os aspectos do P.E. que precisen modificación e revisión da concreción curricular de cara a axustar as programacións ás necesidades.	A Comisión de Coordinación Pedagóxica revisará o Documento de Programación en todos aqueles aspectos nos que xordan conflitos ou confusións ou cando se considere que non se axusta ás necesidades actuais.	Todo o curso	C.C.P.
Distribuir os horarios de forma racional favorecendo a optimización dos recursos.	Na distribución dos horarios, utilizarase como criterio importante a coincidencia en horario libre de docencia do profesorado para a realización de apoios	setembro	Xefe de Estudios

EN RELACIÓN CO PROFESORADO

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	TEMPOR.	AXENTES
Axustar a metodoloxía de traballo do profesorado aos criterios establecidos no P.E. e configurar unha liña metodolóxica coherente para todo o Centro.	Estableceránse para cada área o xeito de traballo, as estratexias fundamentais, tipo de agrupamentos, etc. E definiránse metodoloxías concretas a empregar para a consecución das competencias de todo o alumnado	1º trimestre	Equipo Docente Orientadora
Seleccionar e secuenciar os estándares e actividades para cada nivel en función das necesidades	Seleccionaranse os estándares e secuenciaranse temporalmente de xeito que poidan ser abordados con máis profundidade e con diferentes actividades, axustando o programa do libro ás necesidades do grupo.	semanal	Equipo Docente Orientadora
Elaborar un plan de seguimento dos alumnos.	Establecerase o xeito de seguimento (follas, diario...) dos alumnos, así como os aspectos relevantes a observar e anotar, a periodicidade das xuntanzas do Equipo docente para a posta en común e a toma de decisións para a introducción de modificacións.	1º trimestre	Equipo Docente Dpto. Orient

EN RELACIÓN COAS FAMILIAS

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	TEMPOR.	AXENTES
Informar ós pais sobre todos aqueles aspectos relacionados coa orientación dos nenos.	Ofreceráse aos pais unha charla sobre as características do curso que empeza e da súa aportación necesaria. A final de curso ofreceráse aos pais e a alumnos de último curso de primaria unha charla a cargo da orientadora e Equipo Directivo do I.E.S. como actividade de orientación académica.	Setembro e xuño	Orientadora e titoras
Animar aos pais a axudar en algunhas actividades programadas para os seus fillos.	Intentarase implicar aos pais nas diferentes actividades de aprendizaxe que requiran da súa axuda.	Todo Curso	Eq. Direct. Orientad

EN RELACIÓN COS ALUMNOS

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	TEMPOR.	AXENTES
Elaborar o Plan de Acollida para os alumnos e alumnas que acceden por primeira vez ao Centro e para os que cambian de etapa.	Elaborarase un Plan de Acollida, tanto para os nenos e nenas que acceden por primeira vez ao Centro (caso dos alumnos e alumnas de 3 anosoucalquera que veñadoutroColexio) coma para os que cambian de etapa.	3º trimestre	Titores e Orient.
Establecer un plan de actuación para atender as diferencias individuais dentro da aula e definir o proceso de avaliación establecendo fórmulas para a valoración dos diferentes elementos do proceso.	Establecerase un tempo para a avaliación inicial e determinaranse as actuacións encamiñadas a acadar un coñecemento o máis completo posible de cada alumno e alumna: estilo de aprendizaxe, características de personalidade, coñecementos previos, etc. Do mesmo xeito, determinaranse posibles actuacións dentro da aula para conquistar que cada alumno poida progresar en función das propias posibilidades.	3º trimestre	C.C.P. Dpto. Orient. titores
Determinar os criterios de promoción dos alumnos establecendo a porcentaxe mínima en que os estándares deben ser acadados.	Tomaranse decisións sobre cada un dos estándares e a porcentaxe a seguir para decidir a promoción dos alumnos, que será norma para o Centro.	2º trimestre	Dpto. Orient. Claustro
Concretar as actuacións dentro e fora da aula de cara a conquistar a modificación de hábitos e actitudes.	Realizarase unha proposta de normas fundamentais en canto a valores e actitudes e adoptaranse decisións referente ó comportamentos e á situacións concretas que van favorecer a adquisición dos hábitos.	Todo o curso	Claustro

6. AVALIACIÓN

Ao remate de cada trimestre, na sesión de avaliación realizarase un seguimento do PAT, valorando se se foron realizando as accións segundo están previstas no plan. En caso negativo propóranse as modificacións oportunas.

Ao remate do curso farase unha síntese das accións levadas a cabo e das dificultades atopadas, analizando os factores que puideron influír en ambos casos e os aspectos que será preciso modificar cara o vindeiro curso. Esta información poderá ser analizada nas reunións de coordinación dos equipos docentes, sesións de avaliación e departamento de orientación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ÁMBITOS ACTUACIÓN	ACTUACIÓNS REALIZADAS	SI	NON
EN RELACIÓN CO CENTRO	1.- Poñer a disposición de todos as normas básicas do centro.		
	2.- Axustar os diferentes acordos tomados ás necesidades actuais.		
	3.- Distribuir os horarios favorecendo a optimización dos recursos.		
EN RELACIÓN CO PROFESORADO	1.- Coñecer características persoais do alumnado e aspectos da situación familiar e escolar que repercutan no seu rendemento.		
	- Revisar os expedientes.		
	- Recoller información do profesorado anterior.		
	2.- Analizar a información da avaliación inicial e comentalala.		
	3.- Axustar as programacións establecendo os contidos básicos en relación cos estándares.		
	4.-Incluír nas programacións didácticas estratexias encamiñadas ao desenvolvemento da competencia social do alumnado.		
	5.-Intercambiar información e coordinar diferentes metodoloxías co Equipo Docente, realizando un seguimento individualizado:		
	- Competencia/carencias curriculares.		
	- Dinámica interna do grupo/integración.		
	- Outras variables (estilo de aprendizaxe, aspectos persoais,).		
	6.- Nas xuntanzas dos Equipos Docentes adoptar medidas consensuadas e rexistralas.		
	7.- No caso de non acadar resultados satisfactorios propondor modificacións no proceso de ensino. (R.E.)		
	8.- Facer un seguimento das accións desenvoltas, valorando a eficacia das medidas adoptadas.		
8.- Facer un rexistro de cada alumno co seguimento individual.			
9.- Organizar e coordinar o proceso de avaliación do grupo de alumnos tendo en conta os criterios de avaliación formativa.			
10.- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación			

EN RELACIÓN CO ALUMNADO	1.- Realizar as xornadas de acollida.		
	2.- Aplicar probas de avaliación inicial, escalas de observación,..		
	3.- Ter en conta as características de cada alumno/a para propoñer actividades e avaliacións.		
	4.- Facilitar a integración do alumnado no grupo e no centro.		
	5.- Avaliar os aspectos relacionais do grupo (actitudes, valores, normas de conducta, ...).		
	6.- Valorar o grao de consecución dos obxectivos para cada alumno/a, facendo un seguimento individual en cada unidade.		
	7.- Establecer e facer cumprir as normas e hábitos no grupo.		
	8.- Individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe, orientando o proceso formativo do alumnado.		
	9.- Canalizar as demandas e inxerencias do alumnado do grupo nas problemáticas xurdidas.		
	10.- Desenrolar accións para mellorar habilidades básicas como a comprensión lectora.		
COAS FAMILIAS	1.- Informar ás familias sobre aspectos relacionados coa educación do alumnado.		
	2.- Realizar xuntanzas programadas dende a titoría para conseguir e transmitir información.		
	3.- Comunicar aos pais os resultados do seguimento realizado aos alumnos e as medidas adoptadas.		
	4.- Promover a implicación das familias na educación dos seus fillos.		